Proxecto de Orde pola que se desenvolve o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia

Índice

CAPÍTULO I 3

DISPOSICIÓNS XERAIS 3

Artigo 1. *Obxecto* 3

Artigo 2. *Ámbito de aplicación* 3

CAPÍTULO II 4

ORGANIZACIÓN 4

Artigo 3. *Organización xeral* 4

Artigo 4. *Incorporación gradual do alumnado* 4

Artigo 5. *Titoría* 5

Artigo 6. *Profesorado* 5

Artigo 7. *Coordinación entre ciclos e con educación primaria* 6

CAPÍTULO III 6

DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO 6

Artigo 8. *Autonomía do centro* 6

Artigo 9. *Concreción curricular* 6

Artigo 10. *Programacións didácticas* 7

Artigo 11. *Métodos pedagóxicos* 8

Artigo 12. *Plans educativos* 8

Artigo 13. *O plan de lectura* 9

Artigo 14. *O plan de biblioteca* 9

Artigo 15. *O plan dixital* 9

Artigo 16. *O plan de actividades físicas e hábitos saudables* 10

Artigo 17. *A concreción anual dos plans educativos* 10

CAPÍTULO IV 10

AVALIACIÓN, INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN 10

Sección 1ª. Avaliación 10

Artigo 18. *Carácter da avaliación* 10

Artigo 19. *Sesións de avaliación* 12

Artigo 20. *Avaliación inicial* 12

Artigo 21. *Avaliacións parciais* 13

Artigo 22. *Avaliación final* 13

Artigo 23. *Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente* 13

BORRADOR

Artigo 24. *Documentos e informes de avaliación* 14
Artigo 25. *Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva* 15
Sección 2ª. Información e participación 15
Artigo 26. *Información da avaliación* 15
Artigo 27. *Participación e colaboración coas nais, os pais ou as persoas titoras legais* 16
Disposicións **16**
Disposicións derrogatorias 16
Disposición derrogatoria única. *Derrogación de normativa* 16
Disposicións derradeiras 17
Disposición derradeira primeira.- Habilitación para o desenvolvemento normativo 17
Disposición derradeira segunda.-Entrada en vigor. 17
ANEXOS **18**
ANEXO I 18
Modelo de acta de avaliación 18
ANEXO II 20
Informe final de curso 20
ANEXO III 22
Informe final da etapa de educación infantil 22
ANEXO IV 24
Expediente académico do alumnado de segundo ciclo de educación infantil 24
ANEXO V 26
Historial académico de segundo ciclo de educación infantil 26
ANEXO VI 28
Informe persoal por traslado do segundo ciclo da etapa de educación infantil 28
ANEXO VII 29
Información trimestral 29

BORRADOR

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, modificada pola Lei orgánica 3/2020, do 29 de decembro, creou unha nova estrutura curricular e afectou, entre outros, a varios aspectos da educación infantil como os principios e obxectivos, a organización ou a avaliación.

O Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, polo que se establece a ordenación e as ensinanzas mínimas da educación infantil, aprobou a nivel estatal as ensinanzas mínimas para esta etapa, determinando os aspectos básicos do currículo, establecendo os seus obxectivos, fins e principios xerais e pedagóxicos, e encomendando ás administracións educativas establecer os currículos que serán de aplicación no seu ámbito de xestión.

Nese contexto, o Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia concretou as intencións do sistema educativo galego para esta etapa, establecendo a súa organización e completando as ensinanzas mínimas, e facultando á persoa titular da consellería con competencias en materia de educación para ditar cantas disposicións sexan precisas no relativo ao desenvolvemento do decreto.

En consecuencia, como conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, facendo uso das competencias que me confire o artigo 34.6 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa Presidencia, e da habilitación contida na disposición derradeira segunda do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, polo que se establece a ordenación e o currículo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia,

DISPOÑO:

CAPÍTULO I

DISPOSICIÓNS XERAIS

Artigo 1. *Obxecto*

Esta orde ten por obxecto regular o desenvolvemento e a avaliación da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

Artigo 2. *Ámbito de aplicación*

Esta orde será de aplicación nos centros docentes correspondentes ao ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia que impartan as ensinanzas do segundo ciclo de educación infantil.

BORRADOR

CAPÍTULO II

ORGANIZACIÓN

Artigo 3. *Organización xeral*

1. As ensinanzas de educación infantil organízanse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil.

2. As áreas da educación infantil son as seguintes:

a) Comunicación e Representación da Realidade.

b) Crecemento en Harmonía.

c) Descubrimento e Exploración da Contorna.

3. As actividades escolares no segundo ciclo da etapa desenvolveranse, cando menos, ao longo de vinte e cinco horas semanais, tendo en conta os seguintes aspectos:

a) Cada centro docente poderá establecer o número de sesións semanais dedicado ás áreas, respectando, en todo caso, o dereito do alumnado a recibir as ensinanzas indicadas no currículo de cada unha delas.

b) O tempo dedicado ao ensino de lingua estranxeira, incluído na área de Comunicación e Representación da Realidade, será dun período lectivo semanal en cada un dos niveis do segundo ciclo, que poderá organizarse nunha única sesión ou en medias sesións.

c) O tempo de recreo diario estará comprendido entre os 20 e os 30 minutos.

d) O tempo dedicado ás ensinanzas de relixión ás que se refire a disposición adicional primeira do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, será dun período lectivo semanal. Os centros docentes disporán as medidas organizativas para que as alumnas e os alumnos cuxas nais, pais ou persoas titoras legais non optasen por cursar ensinanzas de relixión reciban, de ser o caso, a debida atención educativa.

Artigo 4. *Incorporación gradual do alumnado*

1. Os centros docentes poderán optar por unha incorporación gradual do alumnado matriculado no cuarto curso da etapa, para favorecer a transición desde a familia á nova situación de ensino e de aprendizaxe.

2. Os centros docentes terán en conta, para a planificación desta incorporación gradual do alumnado, a escolarización previa do mesmo, a existencia de irmás ou irmáns matriculados no centro,

BORRADOR

BORRADOR

así como as necesidades familiares, garantindo, en todo caso, a atención a tempo completo do alumnado cuxas familias ou representantes legais así o soliciten.

As medidas organizativas e pedagóxicas adoptadas para a incorporación gradual do alumnado deberán ser aprobadas polo claustro de profesorado e incluídas na programación xeral anual.

3. A incorporación gradual do alumnado, que en ningún caso poderá superar o mes de setembro, concretarase anualmente na orde que establece o calendario escolar para cada curso académico.

Artigo 5. *Titoría*

1. Cada grupo de alumnas e alumnos contará cunha persoa titora que se responsabilizará da atención e do seguimento personalizado do alumnado do grupo, así como da orientación da aprendizaxe e do apoio no seu proceso educativo.

Así mesmo, facilitará a participación das nais, dos pais e/ou das persoas titoras legais do alumnado nos termos establecidos na normativa correspondente.

2. Con carácter xeral, garantirase a continuidade da persoa titora co mesmo grupo de alumnado ao longo do ciclo co obxecto de manter a mesma persoa titora durante os tres cursos do ciclo.

3. A xefatura do departamento de orientación asesorará e colaborará coas persoas titoras nos termos establecidos no plan de acción titorial.

Artigo 6. *Profesorado*

1. As persoas especialistas en educación infantil poderán ser apoiadas no labor docente por mestras ou mestres doutras especialidades cando as ensinanzas impartidas o requiran e nas condicións reguladas neste artigo, sempre que a organización e os recursos do centro o permitan.

2. As mestras ou mestres da especialidade de lingua estranxeira poderán exercer o seu labor docente no ensino de lingua estranxeira ao que se refire a letra b) do artigo 3.3. Neste caso, participarán no desenvolvemento da programación didáctica da área de Comunicación e Representación da Realidade naqueles aspectos referidos á lingua estranxeira.

3. Outras mestras e outros mestres especialistas do centro poderán exercer o seu labor docente no ensino de aprendizaxes relacionadas coa súa especialidade. Neste caso, participarán no desenvolvemento da programación didáctica da área da que formen parten as ditas aprendizaxes.

4. A ensinanza de relixión á que se refire a letra d) do artigo 3.3 será impartida por profesorado coa cualificación correspondente. Esta persoa docente será a responsable de elaborar a programación didáctica destas ensinanzas.

5. A persoa titora e as mestras ou mestres especialistas que interveñan no grupo coordinaranse para actuar no proceso de ensino e de aprendizaxe do alumnado.

Artigo 7. *Coordinación entre ciclos e con educación primaria*

1. Para garantir a continuidade do proceso de formación e unha transición e evolución positivas de todo o alumnado, ao finalizar a etapa de educación infantil, a titora ou o titor emitirá un informe final de etapa sobre o desenvolvemento e as necesidades de cada alumna ou alumno segundo se establece no artigo 22.

2. Os centros establecerán mecanismos de coordinación entre o profesorado que imparte nesta etapa e o profesorado que imparte no primeiro ciclo da educación primaria.

Tamén establecerán mecanismos de coordinación entre o equipo pedagóxico que imparte no primeiro ciclo da etapa e o equipo docente que imparte no segundo ciclo.

CAPÍTULO III

DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO

Artigo 8. *Autonomía do centro*

Os centros docentes, no exercicio da súa autonomía, desenvolverán e completarán, de ser o caso, o currículo do segundo ciclo da educación infantil como parte da súa proposta pedagóxica, adaptándoo ás características persoais de cada nena ou neno, así como á súa realidade socioeducativa. A proposta pedagóxica concretarase a través da concreción curricular e das programacións didácticas.

Artigo 9. *Concreción curricular*

1. A concreción curricular, que se incorporará ao proxecto educativo e funcional do centro, establece os criterios e as decisións que orientan o desenvolvemento do currículo e a coordinación interdisciplinaria por parte dos órganos de coordinación didáctica.

2. O claustro de profesorado garantirá mediante a concreción curricular a coherencia na actuación docente.

3. A concreción curricular, que será única para cada centro, incluirá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 13 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

4. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións Proens que pon a disposición a consellería con competencias en materia de educación

BORRADOR

para a elaboración e, de ser o caso, para a modificación da concreción curricular. Esta aplicación informática tamén se utilizará para a supervisión da concreción curricular por parte da Inspección educativa.

5. Os centros docentes farán pública a concreción curricular co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa.

Artigo 10. *Programacións didácticas*

1. A programación didáctica é o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante dos equipos docentes do ciclo.

2. A programación didáctica elaborarase por nivel educativo para cada unha das áreas e será única para todos os grupos do nivel.

3. O profesorado, baixo a coordinación da persoa responsable da coordinación do ciclo, terá en conta para o deseño ou a modificación das programacións didácticas os seguintes aspectos:

a) O disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

b) As decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular do centro.

c) O dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva.

d) A información recollida no seguimento da programación e na memoria final do curso anterior.

4. Poderanse establecer, nun mesmo nivel, programacións combinando as áreas recollidas no número 2 do artigo 3 que incluirán os seus obxectivos, os seus criterios de avaliación e os seus contidos.

5. A programación didáctica incluirá, como mínimo, os aspectos recollidos no artigo 14 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

6. O profesorado realizará o seguimento das programacións didácticas nos seus grupos de alumnado reflectindo o grao de cumprimento respecto ao planificado, a xustificación razoada no caso de producirse algunha desviación e as propostas de mellora. Esta información trasladarase, para a súa valoración e análise, á persoa responsable da coordinación do ciclo cunha frecuencia mínima mensual, deixando constancia nas correspondentes actas de reunión.

7. Os centros docentes sostidos con fondos públicos utilizarán a aplicación informática de programacións Proens que pon a disposición a consellería con competencias en materia de educación para a elaboración e o seguimento das programacións didácticas. Esta aplicación informática tamén

BORRADOR

se utilizará para a supervisión das programacións didácticas por parte das coordinacións de ciclo, dos equipos directivos e da Inspección educativa.

8. Os centros docentes farán públicas as programacións didácticas co obxecto de facilitar o seu coñecemento polo conxunto da comunidade educativa. Así mesmo, nos primeiros días de actividade lectiva de cada curso académico o equipo docente, conforme ao procedemento establecido no centro, informarán sobre os aspectos da programación didáctica as nais, os pais ou as persoas titoras legais e, de ser o caso, o alumnado.

Artigo 11. *Métodos pedagóxicos*

A metodoloxía didáctica basearase en experiencias de aprendizaxe significativas e emocionalmente positivas, e na experimentación e o xogo. Nese sentido, as áreas deben entenderse como ámbitos de experiencia intrinsecamente relacionados entre si, polo que se requirirá unha formulación educativa que promova a configuración de propostas globalizadas de aprendizaxe, estimulantes e que teñan interese e significado para as nenas e os nenos. Para estes efectos, teranse en conta tanto as orientacións pedagóxicas establecidas para cada unha das áreas no anexo II como os principios pedagóxicos regulados no artigo 15 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

Artigo 12. *Plans educativos*

1. Os centros docentes deberán incluír dentro do seu proxecto educativo e funcional un plan de lectura, un plan de biblioteca, un plan dixital e un plan de actividades físicas e hábitos saudables, de acordo aos artigos 29, 30 e 31 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

2. Estes plans serán únicos para cada centro docente e deberán desenvolver aspectos concretos do segundo ciclo da etapa de educación infantil, así como das outras etapas educativas que se ofertan no dito centro, de ser o caso.

3. Estes plans elaboraranse a partir dun diagnóstico da situación do centro, que permita a definición de obxectivos de cara á mellora. Para o logro dos ditos obxectivos, ao longo do período de vixencia do proxecto educativo e funcional, desenvolveranse en cada curso académico diferentes actuacións.

Os plans estarán orientados a reforzar e complementar a aprendizaxe curricular do alumnado, así como o desenvolvemento das competencias clave.

4. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento destes plans.

BORRADOR

Artigo 13. *O plan de lectura*

O plan de lectura na etapa de educación infantil terá por finalidade a promoción e o fomento dunha primeira aproximación á lectura e á escritura, e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave, e incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.

b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á lectura e ao fomento da mesma.

c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 14. *O plan de biblioteca*

O plan de biblioteca terá por finalidade a promoción da biblioteca escolar como centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe, e incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.

b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á organización e a xestión da biblioteca, á formación de persoas usuarias, á contribución ao desenvolvemento das competencias do alumnado e ao fomento da lectura.

c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 15. *O plan dixital*

O plan dixital concíbese como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e de aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.

b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro respecto do uso das tecnoloxías dixitais.

c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.

BORRADOR

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 16. *O plan de actividades físicas e hábitos saudables*

O plan de actividades físicas e hábitos saudables terá por finalidade a práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e a promoción dunha vida activa, saudable e autónoma, por parte das alumnas e dos alumnos, e incluirá, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introdución, cunha breve contextualización do plan no centro e unha xustificación do mesmo.

b) Análise do contexto, que analizará, como mínimo, a situación de partida no centro en relación á práctica diaria de actividade física, a alimentación e os hábitos de vida saudable, a hixiene persoal e o descanso.

c) Obxectivos, nos que se especificarán indicadores e actuacións.

d) Procedemento de seguimento, avaliación e modificación do plan e, de ser o caso, de difusión.

Artigo 17. *A concreción anual dos plans educativos*

1. Os plans educativos do centro, aos que se refire este capítulo, concretaranse anualmente na programación xeral anual a través de actuacións enfocadas ao logro daqueles obxectivos establecidos en cada plan que se pretendan desenvolver no correspondente curso académico.

2. Para cada unha das actuacións ás que se refire o número anterior estableceranse accións determinadas, a súa temporalización, as persoas responsables da súa execución e, de ser o caso, os indicadores que permitan avaliar o nivel de logro acadado.

Así mesmo, na concreción anual de cada un dos plans indicaranse as persoas responsables ou coordinadoras e, de ser o caso, as persoas que configuren o equipo correspondente.

3. Promoverase o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na elaboración e no seguimento da concreción anual destes plans.

CAPÍTULO IV

AVALIACIÓN, INFORMACIÓN E PARTICIPACIÓN

Sección 1ª. Avaliación

Artigo 18. *Carácter da avaliación*

BORRADOR

1. A avaliación constituirá unha práctica habitual e permanente do profesorado dirixida a obter datos relevantes que faciliten a toma de decisións encamiñadas á mellora dos procesos de ensino e de aprendizaxe, tanto no ámbito individual como no colectivo.

No referente aos procesos de aprendizaxe, servirá para detectar, analizar e valorar os procesos de desenvolvemento do alumnado, así como as aprendizaxes. Para estes efectos, os criterios de avaliación utilizaranse como referente para a identificación das posibilidades e dificultades de cada alumna e de cada alumno e para observar o seu proceso de desenvolvemento e as aprendizaxes adquiridas.

No referente aos procesos de ensino, o profesorado avaliará tanto estes como a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro, que se recollerán nas programacións didácticas.

2. A avaliación no segundo ciclo de educación infantil será global, continua e formativa:

a) Global, en canto deberá referirse ao grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos da etapa, así como ao contexto do centro e ás características do alumnado.

b) Continua, pois considerarase un elemento inseparable do proceso educativo, mediante o cal o profesorado que atende as nenas e os nenos recolle información de forma continua sobre o proceso de ensino e aprendizaxe.

c) Formativa, en canto regula e orienta o proceso educativo ao proporcionar unha información constante que permite axustar e mellorar tanto os procesos como os resultados da intervención educativa coa finalidade de adaptalos ás características persoais de cada alumna e alumno.

3. Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias e o logro dos obxectivos das áreas da etapa serán os criterios de avaliación que figuran para cada unha das áreas no anexo II do Decreto 150/2022, do 8 de setembro.

4. Promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado. Nese sentido, a observación directa e sistemática constituirá a principal técnica do proceso de avaliación, sen prexuízo do posible emprego, xunto a esta técnica principal, doutras técnicas cun carácter accesorio como a análise das producións das nenas e dos nenos, e as entrevistas coas familias ou coas persoas titoras legais.

5. Se en calquera momento do curso, como consecuencia do proceso de avaliación continua, se detectase que o progreso dunha alumna ou dun alumno non é o axeitado, estableceranse as medidas máis adecuadas dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo, de acordo coa normativa de atención á diversidade.

BORRADOR

Artigo 19. *Sesións de avaliación*

1. As sesións de avaliación son as reunións que mantén o profesorado que imparte docencia ao grupo de alumnas e alumnos, co obxectivo de analizar o proceso de aprendizaxe de cada nena e neno, así como de tomar as decisións que adapten a intervención educativa ás características individuais do alumnado e ás características do grupo.

Ao longo do curso realizaranse unha sesión de avaliación inicial, tres sesións de avaliación parcial e unha sesión de avaliación final.

2. As sesións de avaliación serán coordinadas pola persoa titora de grupo e nelas participará todo o profesorado que imparta docencia nel. Darase a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantas alumnas e alumnos o compoñan.

Nestas sesións de avaliación, con carácter xeral, contarase co asesoramento da xefatura do departamento de orientación e co apoio do equipo directivo.

3. De cada unha das sesións de avaliación, a titora ou o titor levantará a correspondente acta de desenvolvemento da sesión, na cal se farán constar a asistencia do profesorado, os asuntos tratados e as decisións e os acordos acadados e motivados referidos a cada alumna e a cada alumno, e ao grupo no seu conxunto, especificando aqueles que se refiran á valoración das aprendizaxes das nenas e dos nenos e da práctica docente e as propostas de mellora.

4. A valoración do proceso de aprendizaxe recollerá os progresos efectuados polas nenas e os nenos e expresarase cos seguintes termos cualitativos: sen dificultade (SD), en proceso (EP) ou con dificultade (CD).

Artigo 20. *Avaliación inicial*

1. O profesorado que imparta docencia no grupo realizará unha sesión de avaliación inicial coa finalidade de adecuar as ensinanzas de cada área ao alumnado e facilitar a progresión satisfactoria do seu proceso de aprendizaxe. Nesta sesión adoptaranse, de forma coordinada, aquelas medidas de apoio e reforzo que se consideren oportunas para cada alumna ou alumno, así como as relativas ao axuste do desenvolvemento do currículo.

2. A avaliación inicial recollerá os datos máis destacados do proceso de desenvolvemento da alumna ou do alumno, terá en conta a información relevante achegada pola nai, o pai ou a persoa titora legal da alumna ou o alumno e, de ser o caso, os informes médicos, psicolóxicos, pedagóxicos e sociais que revistan interese para a vida escolar; e, de existir, os informes de escolarización anteriores.

BORRADOR

A avaliación inicial completarase coa información obtida, durante as primeiras sesións lectivas do curso académico, a partir da observación directa por parte das e dos profesionais que atenden as nenas e os nenos, sobre o seu grao de desenvolvemento en relación a súa etapa evolutiva.

3. As programacións didácticas recollerán as decisións relativas ao tipo de información que se precisa para realizar a avaliación inicial, así como as técnicas ou os instrumentos que se van empregar para recoller e consignar a dita información.

4. A data límite para a realización desta sesión de avaliación inicial determinarase na norma que estableza o calendario escolar para cada curso académico.

Artigo 21. *Avaliacións parciais*

1. Ao longo do curso realizaranse tres sesións de avaliación parciais para cada grupo. A derradeira destas sesións poderá coincidir coa avaliación final.

2. O profesorado deberá consignar nas actas de avaliación as cualificacións das áreas das que son responsables.

3. As datas para a realización destas sesións de avaliación parcial concretaranse tendo en conta un reparto equilibrado na duración dos tres períodos.

Artigo 22. *Avaliación final*

1. O equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, levará a cabo a avaliación final do alumnado de forma colexiada nunha única sesión, que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

2. A persoa titora elaborará un informe final de curso de cada alumna ou alumno, no cal se reflectirán os datos máis relevantes do proceso de avaliación continua. O dito informe recollerá a valoración global de cada área, a valoración do nivel de desempeño dos criterios de avaliación de cada área seleccionados nese curso académico, as dificultades atopadas no proceso de ensino e de aprendizaxe e a valoración, se for o caso, das medidas de apoio aplicadas.

3. Ademais á finalización do sexto curso, co fin de garantir unha atención individualizada e continuada, a persoa titora elaborará un informe final de etapa sobre o progreso global de cada nena e cada neno. O dito informe recollerá a apreciación do grao de adquisición dos obxectivos da etapa e das competencias clave, así como as dificultades atopadas no proceso de ensino e de aprendizaxe e a valoración, se for o caso, das medidas de apoio aplicadas.

Artigo 23. *Avaliación do proceso de ensino e da práctica docente*

BORRADOR

Co fin de analizar e valorar o proceso de ensino que ten lugar nas aulas e adaptar progresivamente a intervención educativa ás características e necesidades do alumnado, a avaliación do proceso de ensino e da propia práctica docente na educación infantil recollerase no seguimento das programacións didácticas a través dos indicadores de logro establecidos nas ditas programacións que versarán, como mínimo, sobre os seguintes aspectos:

a) A adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico.

b) A metodoloxía empregada.

c) A organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos.

d) As medidas de atención á diversidade.

e) O clima de traballo na aula.

f) A coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais.

Artigo 24. *Documentos e informes de avaliación*

1. Os documentos de avaliación axustaranse no seu contido aos seguintes modelos:

a) As actas de avaliación reguladas no artigo 23 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, axustaranse no seu contido ao modelo que se establece no anexo I.

b) O informe final de curso regulado no artigo 22 axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo II.

c) O informe final de etapa regulado no artigo 26 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo III.

d) O expediente académico regulado no artigo 24 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo IV.

e) O historial académico regulado no artigo 25 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo V.

f) O informe persoal por traslado regulado no artigo 27 do Decreto 150/2022, do 8 de setembro, axustarase no seu contido ao modelo que se establece no anexo VI.

2. Os centros sostidos con fondos públicos que impartan o segundo ciclo de educación infantil cubrirán os documentos e informes de avaliación a través dos módulos correspondentes da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).

BORRADOR

3. No caso dos centros que impartan as etapas de educación infantil e de educación primaria, o informe final de etapa e o informe final do 6º curso serán postos a disposición da persoa titora da nova etapa.

Cando unha alumna ou un alumno se traslade a outro centro do ámbito de xestión da Comunidade Autónoma de Galicia, o centro de orixe remitirá xunto coa copia do historial académico e o informe persoal por traslado, de ser o caso, o informe final de etapa e o derradeiro informe final de curso.

Artigo 25. *Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva*

1. Co fin de garantir o dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva e a que o seu rendemento sexa valorado e recoñecido con obxectividade, os centros docentes concretarán nas súas normas de organización, funcionamento e convivencia:

a) Os procedementos para facer públicas a concreción curricular e as programacións didácticas.

b) O procedemento mediante o cal as nais, os pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar aclaracións, á persoa titora e ao profesorado, acerca das informacións e valoracións que reciban sobre o proceso de aprendizaxe das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelen ou decisións que se adopten como resultado do devandito proceso.

c) O procedemento de revisión das decisións adoptadas no proceso de aprendizaxe do alumnado na avaliación final.

2. As direccións dos centros responsabilizaranse de que a información á que se refire o número 1 deste artigo sexa accesible e se lle dea publicidade para toda a comunidade educativa.

3. As nais, os pais ou as persoas titoras legais poderán solicitar no centro a revisión das decisións adoptadas no proceso de aprendizaxe da súa filla, do seu fillo ou da persoa que tutelen na avaliación final e, no caso de continuar o desacordo, poderán presentar unha solicitude de reclamación ante a xefatura territorial correspondente.

Sección 2ª. Información e participación

Artigo 26. *Información da avaliación*

1. A información recollida da avaliación continua trasladarase ás nais, os pais ou as persoas titoras legais, como mínimo, nun informe trimestral que analizará os progresos realizados polas nenas e polos nenos, para lograr establecer unha coordinación adecuada no desenvolvemento do seu proceso educativo.

BORRADOR

2. Este informe recollerá a valoración global de cada área, así como a valoración do nivel de desempeño dos criterios de avaliación de cada área seleccionados en cada trimestre do curso.

O informe trimestral axustarase no seu contido ao modelo recollido no anexo VII.

3.Os centros sostidos con fondos públicos que impartan o segundo ciclo de educación infantil cubrirán o informe trimestral de información ás familias a través dos módulos correspondentes da aplicación de xestión académica do ensino (XADE).

Artigo 27. *Participación e colaboración coas nais, os pais ou as persoas titoras legais*

1. As persoas titoras manterán unha relación permanente coas nais, os pais ou as persoas titoras legais das nenas e dos nenos, facilitando situacións e canles de comunicación e colaboración; promoverán a súa presenza e participación na vida dos centros; e, en todo caso, celebrarán unha reunión conxunta ao inicio de curso.

Para favorecer a educación integral, as persoas titoras coordinaranse coas familias para levar á práctica, cadaquén no seu contexto, modelos compartidos de intervención educativa.

2. O profesorado que atende o alumnado promoverá a participación e a colaboración das nais, dos pais ou das persoas titoras legais, ofrecéndolles o apoio necesario para contribuír a que estas coñezan e valoren as actividades que as súas fillas, os seus fillos ou as persoas que tutelen realizan no centro educativo.

3. Os centros docentes promoverán accións formativas orientadas ao apoio e a formación das familias en materia educativa, a fin de que a familia e o centro se convertan en comunidades de prácticas compartidas.

Disposicións

Disposicións derrogatorias

Disposición derrogatoria única. *Derrogación de normativa*

1. Queda derrogada a Orde o 25 de xuño de 2009 pola que se regula a implantación, o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da educación infantil na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. Queda derrogada a Orde do 2 de marzo de 2021 pola que se regula o dereito do alumnado á obxectividade na avaliación e se establece o procedemento de reclamación das cualificacións obtidas e das decisións de promoción e obtención do título académico que corresponda, en educación

BORRADOR

infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato, en todo o que se refira á educación infantil.

3. Quedan derrogadas todas as disposicións de igual ou inferior rango que se opoñan ao disposto nesta orde.

Disposicións derradeiras

Disposición derradeira primeira.- Habilitación para o desenvolvemento normativo

Autorízase a Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa para tomar as medidas precisas para a execución desta orde.

Disposición derradeira segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, xx de ---- de 2023.

Román Rodríguez González

Conselleiro de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

BORRADOR

ANEXOS

ANEXO I

Modelo de acta de avaliación

ACTA DE AVALIACIÓN PARCIAL/FINAL DE 4º / 5º / 6º CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Curso: 4º / 5º / 6º	**1ª / 2ª / 3ª AVALIACIÓN / FINAL**	**Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, e Decreto 150/2022, de 8 de setembro**		
Grupo:		**Curso académico:**	**Data de avaliación:**	**Nº total alumnado:**

Relación alfabética do alumnado		**Áreas e valoración[1]**			
Nº	**Apelidos e nome**				
		Comunicación e Representación da Realidade	**Crecemento en Harmonía**	**Descubrimento e Exploración da Contorna**	**Ensinanzas de Relixión[2]**

1. *Sen dificultade (SD), En proceso (EP) ou Con dificultade (CD).* 2. *Se procede*

Sinaturas do profesorado

Repetir o cadro de sinaturas en todas as páxinas da acta.

BORRADOR

Observacións

SINATURAS DO PROFESORADO

Titora/Titor	...	...	...	...

……, ... de ……..de .....

Visto e prace
A directora / O director

SELO DO CENTRO

BORRADOR

ANEXO II

Informe final de curso

INFORME FINAL DE CURSO DE EDUCACIÓN INFANTIL
Decreto 150/2022, de 8 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos			Nome
DOI	Código xade		Data de nacemento
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Nome da persoa responsable 1			Teléfono / correo electrónico
Nome da persoa responsable 2			Teléfono / correo electrónico

Valoración[1] das áreas				
Áreas	**1ª Avaliación**	**2ª Avaliación**	**3ª Avaliación**	**Avaliación Final**
Comunicación e Representación da Realidade				
Crecemento en Harmonía				
Descubrimento e Exploración da Contorna				
Ensinanzas de Relixión[2]				

Comunicación e Representación da Realidade	
Criterios de avaliación[3]	**Valoración[1]**

Crecemento en Harmonía	
Criterios de avaliación[3]	**Valoración[1]**

Descubrimento e Exploración da Contorna

BORRADOR

Criterios de avaliación[3]	Valoración[1]

Ensinanzas de relixión[2]	
Criterios de avaliación[3]	**Valoración[1]**

1. *Sen dificultade (SD), En proceso (EP) ou Con dificultade (CD)* 2. *Se procede* 3. *Criterios de avaliación da área seleccionados nese curso*

Dificultades atopadas no proceso de ensino e aprendizaxe en relación ao nivel de desempeño dos criterios de avaliación	
Dificultades atopadas	**Orixe e causas**

Valoración, se for o caso, das medidas de apoio aplicadas	
Descrición das medidas	**Valoración[4]**

4. *Pouco axeitada, Aceptable pero require revisión, Axeitada, Boa, Excelente*

Observacións

....., ... de ..... de .....

A titora / O titor

Selo do centro

Visto e prace
A directora / O director

BORRADOR

ANEXO III

Informe final da etapa de educación infantil

INFORME FINAL DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL
Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, e Decreto 150/2022, de 8 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos			Nome
DOI	Código xade		Data de nacemento
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Nome da persoa responsable 1			Teléfono / correo electrónico
Nome da persoa responsable 2			Teléfono / correo electrónico

Apreciación do grao de adquisición dos obxectivos da etapa		
Obxectivo da etapa	**Valoración[1]**	**Observacións**
Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.		
Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.		
Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.		
Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.		
Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.		
Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.		
Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.		
Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.		
Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.		

1. *Sen dificultade (SD), En proceso (EP) ou Con dificultade (CD)*

Apreciación do grao de adquisición das competencias clave		
Competencias clave	**Valoración[1]**	**Observacións**
Competencia en comunicación lingüística (CCL).		
Competencia plurilingüe (CP).		
Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñería (STEM).		
Competencia dixital (CD).		
Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).		

BORRADOR

Competencia cidadá (CC).		
Competencia emprendedora (CE).		
Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).		

1. *Sen dificultade (SD), En proceso (EP) ou Con dificultade (CD)*

Dificultades atopadas no proceso de ensino e aprendizaxe en relación co grao de adquisición dos obxectivos da etapa e das competencias clave	
Dificultades atopadas	**Orixe e causas**

Valoración, se for o caso, das medidas de apoio aplicadas	
Descrición das medidas	**Valoración[2]**

2. *Pouco axeitada, Aceptable pero require revisión, Axeitada, Boa, Excelente*

Observacións

....., ... de ..... de .....

A titora / O titor

Selo do centro

Visto e prace
A directora / O director

BORRADOR

ANEXO IV

Expediente académico do alumnado de segundo ciclo de educación infantil

EXPEDIENTE ACADÉMICO DE SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL
Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro, e Decreto 150/2022, de 8 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		
Data de apertura do expediente:		Nº de expediente:	

Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos			Nome
DOI	Código xade		Data de nacemento
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Localidade	Concello	CP
Nome da persoa responsable 1			Teléfono / correo electrónico
Nome da persoa responsable 2			Teléfono / correo electrónico

Cambio de enderezo	
Novo enderezo	Teléfono

Traslado de centro	
Con data ..../..../..... trasládase ao centro ……, con código ..... Concello.....Localidade ……. Provincia ..... Teléfono	
Data de envío do informe persoal por traslado (Centro…….....)	...../...../.....
Data de envío do Historial Académico ao centro ao que se traslada a/o alumna/o (Centro…….....)	...../...../.....
Data de entrega do Historial Académico ás nais, os pais ou as persoas titoras legais da alumna/o (Centro…….....)	...../...../.....

Medidas de apoio	
MEDIDA	CURSO
...	4º ☐ 5º ☐ 6º ☐
...	4º ☐ 5º ☐ 6º ☐
...	4º ☐ 5º ☐ 6º ☐

Observacións

BORRADOR

RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS DAS ÁREAS

Resultado da avaliación do 4º curso de Educación Infantil	
Código-nome centro	Curso académico 20....-20....
Áreas	**Valoración**[1]
Comunicación e Representación da Realidade	
Crecemento en Harmonía	
Descubrimento e Exploración da Contorna	
Ensinanzas de relixión[2]	

Resultado da avaliación do 5º curso de Educación Infantil	
Código-nome centro	Curso académico 20....-20....
Áreas	**Valoración**[1]
Comunicación e Representación da Realidade	
Crecemento en Harmonía	
Descubrimento e Exploración da Contorna	
Ensinanzas de relixión[2]	

Resultado da avaliación do 6º curso de Educación Infantil	
Código-nome centro	Curso académico 20....-20....
Áreas	**Valoración**[1]
Comunicación e Representación da Realidade	
Crecemento en Harmonía	
Descubrimento e Exploración da Contorna	
Ensinanzas de relixión[2]	

1. *Sen dificultade (SD), En proceso (EP) ou Con dificultade (CD).* 2. *Se procede*

……., ... de ……..de .....

A secretaria / O secretario

.....

Selo do centro

Visto e prace
A directora / O director

.....

BORRADOR

ANEXO V

Historial académico de segundo ciclo de educación infantil

HISTORIAL ACADÉMICO DO SEGUNDO CICLO DE EDUCACIÓN INFANTIL

Con data .... /...../..... a/o alumna/o ..... incorpórase ás ensinanzas de segundo ciclo de educación infantil de acordo co Real decreto 95/2022, do 1 de febreiro e o Decreto 150/2022, de 8 de setembro.			
Datos persoais da alumna ou do alumno			
Apelidos		Nome	
DOI	Código xade	Data de nacemento	
Lugar de nacemento	Provincia	País	Nacionalidade
Enderezo	Concello	Localidade	CP
Nome da persoa responsable 1		Teléfono / correo electrónico	
Nome da persoa responsable 2		Teléfono / correo electrónico	

Observacións

Datos académicos		
Ano académico no que inicia o segundo ciclo da educación infantil		Data matrícula
Código	Nome do centro	Localidade
Concello	Provincia	Teléfono

Datos de escolarización			
Curso académico	Centro	Curso	Data, selo e sinatura do director/da directora

Medidas curriculares e organizativas	
Medida	Curso
...	4º ☐ 5º ☐ 6º ☐
...	4º ☐ 5º ☐ 6º ☐
...	4º ☐ 5º ☐ 6º ☐

BORRADOR

RESULTADOS DAS AVALIACIÓNS DAS ÁREAS

Código-nome centro Curso académico 20....-20....

A/O alumna/o..... con DNI ..... obtivo no 4º curso de educación as seguintes valoracións:

Áreas	Valoración[1]
Comunicación e Representación da Realidade	
Crecemento en Harmonía	
Descubrimento e Exploración da Contorna	
Ensinanzas de relixión[2]	

……., ... de ……..de .....

A secretaria / O secretario

Selo do centro

Visto e prace
A directora /O director

....

Código-nome centro Curso académico 20....-20....

A/O alumna/o..... con DNI ..... obtivo no 5º curso de educación as seguintes valoracións:

Áreas	Valoración[1]
Comunicación e Representación da Realidade	
Crecemento en Harmonía	
Descubrimento e Exploración da Contorna	
Ensinanzas de relixión2	

……., ... de ……..de .....

A secretaria / O secretario

Selo do centro

Visto e prace
A directora /O director

....

Código-nome centro Curso académico 20....-20....

A/O alumna/o..... con DNI ..... obtivo no 6º curso de educación as seguintes valoracións:

Áreas	Valoración[1]
Comunicación e Representación da Realidade	
Crecemento en Harmonía	
Descubrimento e Exploración da Contorna	
Ensinanzas de relixión[2]	

……., ... de ……..de .....

A secretaria / O secretario

Selo do centro

Visto e prace
A directora /O director

....

1. *Sen dificultade (SD), En proceso (EP) ou Con dificultade (CD).* 2. *Se procede*

BORRADOR

ANEXO VI

Informe persoal por traslado do segundo ciclo da etapa de educación infantil

INFORME PERSOAL POR TRASLADO DO SEGUNDO CICLO DA ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL

Real Decreto 243/2022, do 5 de abril, e Decreto 157/2022, do 15 de setembro

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

D./Dona …… como titor/a do/a alumno/a ....., con DNI....., código XADE ..... e con data de nacemento ...de .....de ...., FAGO CONSTAR que durante o presente o ano académico ...../..... cursa os estudos correspondentes a ... curso do 2º ciclo de educación infantil, cos resultados parciais que figuran no cadro que se xunta.

Áreas	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
	Valoración[1]	Valoración[1]	Valoración[1]
Comunicación e Representación da Realidade			
Crecemento en Harmonía			
Descubrimento e Exploración da Contorna			
Ensinanzas de relixión[2]			

1. *Sen dificultade (SD), En proceso (EP) ou Con dificultade (CD)* 2. *Se procede*

Medidas curriculares e organizativas

Observacións

....., ... de ..... de .....

Selo do centro

A titora / O titor

Visto e prace
A directora / O director

BORRADOR

ANEXO VII

Información trimestral

INFORMACIÓN TRIMESTRAL 1ª / 2ª / 3ª Avaliación

Centro	Código		
Enderezo	Localidade	Concello	C.P.
Provincia	Teléfono		

Ano académico	Curso	Grupo	Nº Expediente
Apelidos		Nome	

Valoración[1] das áreas	
Áreas	**1ª / 2ª / 3ª Avaliación**
Comunicación e Representación da Realidade	
Crecemento en Harmonía	
Descubrimento e Exploración da Contorna	
Ensinanzas de relixión[2]	

Comunicación e Representación da Realidade	
Criterios de avaliación[3]	**Valoración[1]**

Crecemento en Harmonía	
Criterios de avaliación[3]	**Valoración[1]**

Descubrimento e Exploración da Contorna	
Criterios de avaliación[3]	**Valoración[1]**

BORRADOR

Ensinanzas de relixión[2]	
Criterios de avaliación[3]	**Valoración[1]**

1. *Sen dificultade (SD), En proceso (EP) ou Con dificultade (CD)* 2. *Se procede* 3. *Criterios de avaliación da área seleccionados nese trimestre*

	1ª Avaliación	2ª Avaliación	3ª Avaliación
Faltas xustificadas			
Faltas non xustificadas			

Observacións

....., ... de ..... de .....

A titora / O titor

Selo do centro

BORRADOR